



ORDE DO 8 DE XULLO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE 2026 POLA QUE SE APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE 2026 - 2027

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé no seu artigo 5 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións concreten nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaránse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé no seu artigo 6 que cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

O dito artigo continúa sinalando que os plans estratéxicos teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e neste regulamento, se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.





Así mesmo, o seu artigo 7 sinala que os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela, e fixa normativamente o seu contido mínimo.

O establecemento desta previsión legal de elaboración de plans estratéxicos de subvencións, xa contida tamén na normativa básica estatal, concrétese nunha mellora da transparencia da actividade administrativa, de especial relevancia nas actividades que supoñen a xestión de fondos públicos, así como unha mellora da eficacia, ao introducir unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Este Plan apróbase en cumprimento do previsto nos artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 5 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en coherencia cos obxectivos e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, previo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confiren o artigos 5 e 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o plan estratéxico de subvencións da Consellería da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude 2026-2027, que se inclúe como anexo.





Artigo 2. *Eficacia*

O plan estratéxico de subvencións ten carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade do plan queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Artigo 3. *Contido*

O plan estratéxico comprende as subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela en réxime de concorrencia, así como as de concesión directa e as que se instrumentalicen a través de convenio.

Cando se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Artigo 4. *Actualización do plan*

Con carácter xeral, o plan actualizarase sempre que se verifiquen modificacións das planificacións estratéxicas superiores coas que debe observar a debida coherencia.

Artigo 5. *Publicación*

O plan estratéxico publicarase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

Xacobeo  2027

Artigo 6. *Seguimento*

O seguimento do grao de cumprimento e a avaliación dos resultados realizarase conforme aos indicadores definidos no propio Plan e en coherencia co sistema de seguimento establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos





PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVEN- CIÓNS 2026 - 2027

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE



Índice

INTRODUCCIÓN.....	3
. Descrición dos obxectivos da Consellería.....	4
. Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos.....	4
. A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	4
. A SECRETARÍA XERAL DA LINGUA.....	5
. A DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA.....	5
. A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.....	5
. A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE.....	6
. A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS.....	6
. RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS.....	8
. Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.....	8
. Planificación estratéxica por centro directivo.....	8
. DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS.....	9
. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	9
. SECRETARÍA XERAL DA LINGUA.....	10
. DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA.....	11
. DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.....	12
. DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE.....	14
. AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS.....	15
. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIONS.....	15
. Avaliación da execución orzamentaria.....	15
. Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados.....	16
. Correccións e melloras.....	16
. ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONS.....	17
. A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	17
. A SECRETARÍA XERAL DA LINGUA.....	18
. A DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA.....	34
. A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.....	62
. A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE.....	75
. A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS.....	91



INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-27 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental e un instrumento de boa gobernanza valioso para acadar o cumprimento dos fins últimos da Consellería dunha maneira máis eficiente e eficaz, ademais de permitir o acceso a información das liñas de fomento no ámbito da cultura, lingua e xuventude de forma máis transparente e con anticipación, dado o seu carácter programático e enunciativo das previsións respecto das subvencións a convocar durante o período da súa vixencia.

As liñas estratéxicas correspóndense coas competencias e obxectivos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e cos retos que supón o seu exercicio e consecución, como son o impulso do sector cultural galego como factor determinante para a identidade e cohesión social e como oportunidade de desenvolvemento económico na nosa comunidade autónoma; a promoción da conservación e difusión do patrimonio cultural galego e, como non, o fortalecemento da lingua galega, tanto na dimensión interna de difusión, divulgación e aprendizaxe, como na externa de expansión do seu uso. Finalmente, este Plan trata de ser unha folla de ruta para incrementar o benestar e as oportunidades en xeral dos mozos e mozas galegos, así como un elemento que contribúa a consolidar a Galicia como unha das comunidades autónomas máis solidarias do Estado.

Este documento articúlase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, o plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

Ademais, o plan vai facilitar a avaliación e control de resultados da actividade de fomento da Consellería, garantindo tamén unha mellor coordinación entre os distintos centros xestores, evitando duplicidades e un emprego racional dos recursos públicos.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas no ámbito cultural, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia. En particular, tratará de acadar a consolidación, ampliación e mellora dos servizos e equipamentos culturais existentes, apoiar a creación artística e literaria, o fomento da lectura, a



conservación e restauración do patrimonio cultural, o fomento da participación e mobilidade xuvenil, así como a adquisición de competencias e habilidades para a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas galegos. Un pilar fundamental do Plan serán as actuacións de fomento no ámbito da nosa lingua, como elemento vertebrador do ámbito de actuación desta Consellería..

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA CONSELLERÍA

- **Descrición dos obxectivos da Consellería**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e a xestión das actuacións en materia de xuventude, participación e voluntariado de acordo co establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Para o exercicio destas competencias, lévanse a cabo distintas transferencias correntes e de capital a persoas físicas e xurídicas que se articulan a través de distintas liñas de subvencións en función dos obxectivos a acadar por parte dos distintos órganos superiores e de dirección da Consellería.

- **Estructura da Consellería para alcanzar os obxectivos**

Na implementación do Plan Estratéxico de Subvencións están implicados os seguintes órganos superiores e de dirección e entidades públicas instrumentais adscritas, nos que se estrutura a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude segundo o Decreto 146/2024, do 20 de maio, así como as seguintes entidades:

A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Á Secretaría Xeral Técnica correspóndelle o seguimento da tramitación e rexistro dos convenios, acordos, protocolos e declaracións subscritos no ámbito competencial da Consellería, así como a tramitación e execución dos convenios, plans, obras, actuacións e convocatorias de subvencións nas materias competencia doutros órganos superiores e de dirección da Consellería, con cargo aos créditos da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro da Secretaría Xeral Técnica, á Vicesecretaría Xeral correspóndelle a coordinación, o seguimento, o control e, de ser o caso, a xestión dos expedientes de subvencións de competencia da Consellería.

Dentro da Vicesecretaría Xeral, ao Servizo de Coordinación Administrativa e Apoio Normativo correspóndelle a tramitación das convocatorias de axudas e subvencións propostas polos órganos da Consellería.



A SECRETARÍA XERAL DA LINGUA

Á Secretaría Xeral da Lingua correspóndelle programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego. E concretamente á Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística correspóndelle a coordinación e xestión das medidas para o fomento do uso do idioma galego e das liñas de axuda e subvencións para o apoio á dinamización e promoción da lingua galega; o fomento das actividades de normalización e promoción da lingua galega en administracións públicas e noutras entidades e o fomento da produción de material didáctico para o apoio á formación en lingua galega e á normalización lingüística.

A DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA

Á Dirección Xeral de Cultura correspóndelle o fomento e a promoción da produción literaria, as artes visuais, a danza, a música e as artes escénicas, coreográficas e audiovisuais e a dirección e coordinación das atribucións da Consellería en materia de promoción da lectura e do libro, así como nas materias de bibliotecas, arquivos e centros museísticos. Este labor realízao fundamentalmente a través da convocatoria de subvencións destinadas a titulares de bibliotecas públicas, a creadores e ao sector industrial do libro galego. Adscrita á DXC, a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro correspóndenlle a posta en marcha de actuacións para o fomento da lectura e a promoción das bibliotecas e do libro, de apoio á creación literaria, á edición e á comercialización do libro de Galicia, supervisar e mellorar a calidade do servizo da Biblioteca de Galicia e das bibliotecas públicas de xestión autonómica adscritas a esta consellería, e a preservación do noso patrimonio bibliográfico; así mesmo, tamén coordina a actividade editorial da Xunta de Galicia.

A DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións, e, especialmente a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

Dentro desta Dirección Xeral á Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural correspóndelle a programación, dirección, e execución das medidas e actuacións encamiñadas á protección do patrimonio cultural galego.

Dentro da Subdirección Xeral ao Servizo de Protección e Fomento correspóndelle a tramitación dos Premios Elías Valiña.

Dentro desta Dirección Xeral á Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais correspóndelle a programación, coordinación e execución das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio cultural e a investigación, acrecentamento e difusión deste patrimonio e a elaboración dos criterios de intervención sobre el.



Dentro desta Subdirección Xeral, o Servizo de Arquitectura, o Servizo de Arqueoloxía e o Servizo de Inventario, tramitan diversas ordes de axudas e convenios nos seus ámbitos competenciais.

A DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE

Dentro da Dirección Xeral de Xuventude, dependendo directamente da persoa titular da Dirección Xeral, correspóndelle ao Servizo de Voluntariado e Participación tramitar e realizar o seguimento dos expedientes de subscrición de convenios, concertos ou calquera outro medio de colaboración con entidades públicas ou privadas, e a convocatoria de axudas e subvencións a entidades e concellos.

Ao Servizo de Xestión e Coordinación Administrativa, tamén dependente directamente da persoa titular da dirección xeral, correspóndelle a xestión e o control do pagamento das axudas e subvencións, así como a xestión económica e de contratación administrativa para os programas e actividades xestionados pola Dirección Xeral, sen prexuízo do control e da coordinación que lle corresponda á Secretaría Xeral Técnica.

Á subdirección xeral do Instituto da Xuventude de Galicia correspóndelle a planificación, promoción, organización e coordinación das actividades destinadas á xuventude en xeral e, en particular, as relativas ao seu ocio educativo, talento, iniciativa, autonomía e/ou liderado, directamente ou en colaboración con asociacións xuvenís ou outras administracións públicas, institucións e organismos públicos e privados.

Concretamente ao Servizo de Actividades para a Xuventude correspóndelle a tramitación e o seguimento das axudas e subvencións relacionadas coas materias propias do Servizo. Tamén dependendo deste Instituto, correspóndelle ao Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude a tramitación e o seguimento das axudas e subvencións relacionadas coas materias propias do Servizo.

E finalmente a Subdirección Xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude desenvolve as seguintes funcións:

- a) Diseñar, promover, organizar e coordinar programas, desde o ámbito da educación non formal, destinados ao desenvolvemento de capacidades e competencias na xuventude, así como á mellora da súa empregabilidade e das súas posibilidades de emancipación.
- b) Ofrecer apoio e asesoramento á xuventude en relación cos recursos postos á súa disposición pola Administración autonómica.
- c) Coordinar e fomentar actividades que se realicen no ámbito das residencias xuvenís, así como en colaboración cos centros educativos e universidades galegas.
- d) Coordinar, promover e informar dos programas e proxectos da Unión Europea dirixidos á mocidade.

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic, ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.



No seu Estatuto defínense as funcións que lle competen, entre outras:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais. Para isto poderán establecer marcas de referencia e campañas publicitarias que reforcen o posicionamento de Galicia e dos produtos culturais galegos no mercado interior e exterior.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadoras e creadores como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.
- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre o persoal traballador e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Por iso, no desenvolvemento das súas competencias, Agadic ten un portafolio extenso de liñas de axudas para a cadea de valor da industria cultural no eido audiovisual, artes escénicas e música poñendo a disposición das industrias culturais galegas recursos públicos que lles permitan desenvolver a súa actividade.

A estrutura administrativa da Agadic está formada pola dirección, a coordinación xeral / xerencia, o departamento de xestión, o departamento de fomento e promoción culturais, o departamento de política audiovisual, o departamento de produción teatral e o de música e danza.



.RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS

.Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións de Consellería para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico	16	9.587.262,69 €	10.642.376,67 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial	198	25.864.561,93 €	25.919.895,09 €
Total	214	35.451.824,62 €	36.562.271,76 €

E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 - Eixe 1. O reto demográfico			
PA02 – Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.	15	6.587.262,69 €	7.642.376,67 €
PA 03. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condición de habitabilidade.	1	3.000.000,00 €	3.000.000,00 €
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial			
PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	198	25.864.561,93 €	25.919.895,09 €
Total	214	35.451.824,62 €	36.562.271,76 €

.Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-27, para todos os centros xestores, está formada por 214 liñas de axuda cun importe estimado para a anualidade 2026 de máis de 35.000.000,00 millóns de euros (35.451.824,62 €) e para a anualidade 2027 de máis de 36.000.000,00 millóns de euros (36.562.271,76 €), distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
Secretaría Xeral Técnica	10	800.000,00 €	850.000,00 €
Secretaría Xeral da Lingua	16	4.364.624,00 €	4.371.324,00 €
Dirección Xeral de Cultura	63	5.187.180,84 €	4.546.604,00 €
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	30	4.462.370,06 €	4.462.370,06 €
Dirección Xeral de Xuventude	16	9.587.262,69 €	10.642.376,67 €
Axencia Galega das Industrias Culturais	79	11.050.387,03 €	11.689.597,03 €
Total	214	35.451.824,62 €	36.562.271,76 €



.DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS

.SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Dende a Secretaría Xeral Técnica se xestiona o programa 431A, Dirección e Servizos Xerais de Cultura. Este programa de gasto ten como finalidade contribuír á execución de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG) mediante a contribución estratéxica no seguinte Eixe e Prioridade de Actuación:

Eixe: E4. Cohesión social e territorial

Prioridade actuación: PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

Dentro deste eixe e prioridade de actuación tramítanse convenios con concellos e con institucións sen fins de lucro para accións e melloras en infraestruturas culturais.

O importe previsto para a anualidade 2026 é de 800.000,00 € e para a anualidade 2027 é de 850.000,00 €.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, deste programa de gasto, é garantir o acceso universal á cultura, sendo unha prioridade para a Consellería. Coa modernización das infraestruturas culturais incentívase a presenza, a participación e a diversificación de públicos garantindo o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da cidadanía.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
CENTRO DIRECTIVO. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
PA03 – Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.		
✓ Convenio Fundación Manolo Paz	180.000,00 €	0,00 €
✓ Convenio/s con Entidades sin ánimo de Lucro	70.000,00 €	300.000,00 €
✓ Convenios con entidades locais	550.000,00	550.000,00 €
Total	800.000 €	850.000 €



.SECRETARÍA XERAL DA LINGUA

A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A súa finalidade é potenciar a utilización efectiva e máis a presenza da lingua galega en todos os ámbitos e sectores que conforman a sociedade galega actual como nos contextos e lugares fora de Galicia nas que se considera preciso contribuír ao seu coñecemento, estudio e difusión. Para iso, ofrece diferentes liñas de apoio, como ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega, ás empresas editoriais para a realización de proxectos en lingua galega

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
SECRETARÍA XERAL DA LINGUA		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
PA03 – Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.		
✓ Subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (PL400A)	350.000,00 €	350.000,00 €
✓ Subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares niveis non universitarios (PL400B)	300.000,00 €	300.000,00 €
✓ Creación de lectorados e centros de estudos galegos en universidades no estranxeiro e noutras CCAA	422.505,00 €	422.505,00 €
✓ Bolsas nos lectorados das universidades e centros de fóra de Galicia	282.330,00 €	286.330,00 €
✓ Bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	282.300,00 €	285.000,00 €
✓ Subvención nominativa á Fundación Galicia América	45.000,00 €	45.000,00 €
✓ Subvención nominativa á RAG	890.000,00 €	890.000,00 €
✓ Convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios (PL500A)	450.000,00 €	450.000,00
✓ Convocatoria subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas en niveis non universitarios (PL500B)	45.000,00 €	45.000,00 €
✓ Convenios con distintas entidades sen ánimo de lucro (sindicatos, Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, ONCE, FERECA-CECA, Academia Xacobeia) para accións de Promoción da Lingua Galega	60.500,00 €	60.500,00 €
✓ 3 Convenios coas universidades do SUG en materia de normalización lingüística e 4 Convenios coa USC e o Parlamento de Galicia para o desenvolvemento de actividades das cátedras institucionais Rosalía de Castro, Castelao, Carbalho Calero e Otero Pedrayo	104.300,00 €	104.300,00 €
✓ 3 Convenios coas universidades do SUG para accións de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1 convenio coa USC para accións de investigación de dinamización lingüística a través do Instituto da Lingua Galega	313.489,00 €	313.489,00 €
✓ 3 Convenios coas universidades do SUG para accións de formación e normalización lingüística, 1 convenio coa USC para desenvolver un programa de actuacións sobre o neofalantismo, 3 convenios coa Cruz Vermella, Cáritas Federadas de Galicia e Cáritas Diocesana de Lugo, para accións formativas e	167.200,00 €	167.200,00 €



lingua e cultura galega para a integración das persoas chegadas a Galicia	325.000,00 €	325.000,00 €
✓ Convenios con medios de comunicación para potenciar o uso do galego na prensa escrita e nas webs dos xornais		
✓ Outros convenios con asociacións e fundacións sen ánimo de lucro para actuacións de normalización e dinamización lingüística	327.000,00 €	327.000,00 €
Total	4.364.624,00 €	4.371.324 €

.DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA

A Dirección Xeral de Cultura ten como obxectivo principal promover o acceso universal, igualitario e inclusivo á cultura da poboación galega. A súa misión é fomentar a lectura, as artes visuais e escénicas e o patrimonio bibliográfico, documental e museístico. A través de diversas iniciativas apoia as bibliotecas públicas e a protección do acervo cultural; tamén incentiva a creación de proxectos visuais e escénicos e que estes cheguen á todo o territorio galego.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
PA03 – Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.		
✓ Bolsas de formación en materia de arquivos	123.000 €	123.000 €
✓ Axudas destinadas de actuacións en materia de arquivos	185.000 €	185.000 €
✓ Convenio co Padroado do Museo do Pobo Galego	501.800 €	501.800 €
✓ Convenio coa Fundación MARCO	100.000 €	100.000 €
✓ Axudas a Centros Museísticos	200.000 €	200.000 €
✓ Bolsas de formación en materia de museos	123.000 €	123.000 €
✓ Subvencións a entidades locais titulares de bibliotecas	500.000 €	550.000 €
✓ Subvencións a entidades locais para actividades dinamizadoras	195.000 €	195.000 €
✓ Certame “Bibliotecas que inspiran”	6.000 €	6.000 €
✓ Bolsas de formación en biblioteconomía	231.604 €	231.604 €
✓ Axudas para a tradución ao galego de obras noutras linguas	150.000 €	150.000 €
✓ Axudas para a tradución a outras linguas de obras en galego	50.000 €	50.000 €
✓ Subvencións para actividades do sector do libro	30.000 €	30.000 €
✓ Axudas para o sector editorial	350.000 €	350.000 €
✓ Subvencións para residencias literarias fora de Galicia	20.000 €	20.000 €
✓ Convenio coa Asoc. Galega de Profesionais da Ilustración	15.000 €	15.000 €
✓ Convenio coa Asociación Galega do libro infantil e xuvenil	25.000 €	25.000 €
✓ Convenio coa Asociación Galega de Editoras	40.000 €	40.000 €
✓ Convenio coa Fundación Museo do Videoxogo de Galicia	7.000 €	3.200 €
✓ Convenios de colaboración Proxectos 2015 00370	1.575.000 €	1.700.000 €
✓ Convenios de colaboración Proxectos 2015 00372	685.000 €	750.000 €
✓ Convenios de colaboración Proxectos 2025 00111	105.000 €	225.000 €



✓ Convenios de colaboración Proxectos 2015 00373	35.000 €	35.000 €
✓ Subvencións a entid. locais para equipamento de locais	500.000 €	500.000 €
✓ Subvencións a institucións sen fin de lucro	75.000 €	100.000 €
✓ Subvencións ás galerías de arte	80.000 €	80.000 €
✓ Premio CGAC investig. e ensaio sobre arte contemporánea	3.000 €	3.000 €
✓ Orde axudas itinerarios culturais	110.000 €	290.000 €
Total	6.020.404 €	6.581.604 €

.DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Dende a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural xestiónase o programa 433A. Protección e promoción do Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural. Este programa de gasto pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Contempla unha serie de actuacións coas que a consellería persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Este gasto ten como finalidade contribuír á execución de obxectivos estratéxicos aliñados co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG) mediante a contribución estratéxica en:

Eixe: E4. Cohesión social e territorial

Prioridade actuación: PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

O seu obxectivo estratéxico é o E04 – Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.

Sendo o seu obxectivo operativo o 0002, é dicir, a conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio cultural.

Dentro deste eixo xestiónanse os Premios Elías Valiña, as axudas ás Universidades galegas, as axudas e convenios para a conservación do patrimonio cultural, as axudas e convenios para as intervencións arqueolóxicas, as axudas ás dióceses de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica, etc.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
PA03 – Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.		
✓ Convenios de colaboración coas Universidades para a realización de actuacións de conservación e difusión do patrimonio cultural	175.000,00 €	175.000,00 €
✓ Convenio de colaboración coa USC – Cátedra Patrimonio Cultural	25.000,00 €	25.000,00 €
✓ Convenios de colaboración cos Concellos para a		



realización de actuacións de conservación e difusión do patrimonio cultural	254.994,69 €	254.994,69 €
✓ Axudas destinadas á colaboración no financiamento de intervencións arqueolóxicas (procedemento CT104B)	50.000,00 €	50.000,00 €
✓ Convenios en materia de patrimonio cultural (Castelo de Pambre)	133.334,00 €	133.334,00 €
✓ Axudas ás dióceses de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica	741.371,37 €	741.371,37 €
✓ Axudas ás dióceses de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica (Convenio Mixto)	600.000,00 €	600.000,00 €
✓ Fundación catedral. Axudas para a conservación e protección da Catedral de Santiago	200.000,00 €	200.000,00 €
✓ Convenio Xunta- Deputación de Pontevedra para a rehabilitación do convento de Santa Clara	1.500.000,00 €	1.500.000,00 €
✓ Convenio RAGBA	120.000,00 €	120.000,00 €
✓ Axudas para a conservación e protección do patrimonio cultural galego	597.670,00 €	597.670,00 €
✓ Convenio CSIC-Padre Sarmiento 2026-2028	50.000,00 €	50.000,00 €
✓ Premios Elías Valiña 206	15.000,00 €	15.000,00 €
Total	4.462.370,06 €	4.462.370,06 €



.DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE

A Dirección Xeral de Xuventude ten como obxectivo principal a xestión das políticas de xuventude e voluntariado, procurando favorecer as oportunidades da mocidade galega no ámbito do lecer e o tempo libre, a empregabilidade, a educación non formal, a mobilidade, a participación e o asociacionismo.

Esta dirección xeral xestiona o programa 313A de Servizos á Xuventude que fomenta actuacións vinculadas á adquisición de competencias e habilidades, a mellora e o acceso ao emprego, a medidas de activación a través da aplicación da Garantía Xuvenil, e a facilitar a emancipación da mocidade galega.

Tamén xestiona o programa 312F de programas de solidariedade que está encamiñado a promover e impulsar accións de voluntariado en diferentes áreas de actuación tales como a sociosanitaria, social, ambiental, tecnolóxica, cultural educativa que inciden de xeito significativo na mellora da contorna e no desenvolvemento comunitario e, por outra banda, aspira a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas e vulnerables dentro dun marco favorecedor da acción solidaria como elemento de cohesión enriquecedor tanto a nivel persoal como social.

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE		
E1 - Eixe 1. O reto demográfico		
PA02- Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.		
✓ Voluntariado Xuvenil	210.000 €	255.000 €
✓ Voluntariado Sénior	0 €	75.000 €
✓ Fomento e realización de programas de voluntariado	170.416 €	170.416 €
✓ Premios Galicia de Acción Voluntariado	12.000 €	12.000 €
✓ Proxecto piloto Talento Interxeracional	630.000 €	0 €
✓ Programas de interese xeral con cargo ao 0,7% IRPF	1.793.036,02 €	1.793.036,02 €
✓ Iniciativa Xove	0 €	383.500 €
✓ Axudas permiso de conducir	0 €	800.000 €
✓ Convenio CIXUG (Xuventude Mentoring)	1.200.000,00 €	1.200.000,00 €
✓ Convenio Fundación Galicia Europa	42.500,00 €	42.500,00 €
✓ Convenio Fundación Semana Verde	35.094,00 €	35.094,00 €
✓ Xuventude Mentoring en la empresa	1.801.666,67 €	1.801.666,67 €
✓ Galicia Moza con Alma	600.000,00 €	981.613,98 €
✓ Xuventude Crea	92.550 €	92.550 €
TOTAL	6.587.262,69 €	7.642.376,67 €
PA03 – Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade.		
✓ Bono Emancípate	3.000.000 €	3.000.000 €
TOTAL	9.587.262,69 €	10.642.376,67 €



.AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

A planificación estratéxica de subvencións de Agadic para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, está incluída dentro do Eixe 4. Cohesión social e territorial, na Prioridade de Actuación PA03. Potenciar a cultura e a lingua galega e no obxectivo estratéxico E01.- Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e a internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

PEG 2022-2030	2026	2027
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS		
E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial		
PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía		
✓ Fomento do sector audiovisual	6.168.847,00 €	6.776.750,00 €
✓ Fomento do sector das artes escénicas	1.251.005,00 €	1.415.000,00 €
✓ Fomento do sector da música	419.756,00 €	440.000,00 €
✓ Actuacións transversais e difusión cultural	1.102.932,00 €	950.000,00 €
✓ Convenios con asociacións	1.077.000,00 €	1.077.000,00 €
✓ Convenios con concellos	1.030.847,03 €	1.030.847,03 €
Total	11.050.387,03 €	11.689.597,03 €

.SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Ao finalizar o período de planificación, antes da aprobación de sucesivos plans, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude 2026**, que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

.Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.



Na fase de avaliación revisaranse os importes executados e poñeranse en relación cos importes previstos na planificación para a anualidade de que se trate, tratando de detectar as diverxencias e as súas causas, así como a súa incidencia no grao de consecución dos obxectivos previstos, de cara a adoptar as medidas correctoras oportunas.

Analizarase o grao de cumprimento orzamentario acadado por cada anualidade de vixencia do Plan, explicando as diverxencias detectadas e os seus motivos e posible impacto.

Darase conta tamén de posibles adicións ou cambios realizados respecto da planificación inicial prevista para a anualidade.

.Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.

Realizaremos unha identificación previa dos indicadores que permita facer o seu seguimento e verificar o grao de consecución, por cada órgano directivo e liña de subvención establecida.

Tratarase de medir e cuantificar os resultados acadados coa implementación das distintas liñas de axuda previstas no Plan, facendo unha comparativa dos valores finalmente acadados respecto dos previstos, detectando posibles desviacións e valorando o seu impacto global.

Todo isto incardinado no marco máis amplo do Plan Estratéxico de Galicia (PEG), verificando en que medida os resultados acadados se aliñan cos obxectivos establecidos neste último.

.Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.



.ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONES

.A SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Este apartado debe recoller, para cada centro directivo, a planificación detallada das subvencións previstas, especificando a seguinte información:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA – Nº DE FICHA:

Resumo dos obxectivos do centro directivo en materia de subvencións

PROGRAMA DE GASTO

Programa

431A- Dirección e Servizos Xerais de Cultura

Neste programa levaranse a cabo accións para o impulso de programas destinados ao apoio da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

PEG 2022-2030

Eixe

Eixe: E4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación

Prioridade de Actuación: 03- Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave pra construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

Obxectivo Estratéxico

Obxectivo Estratéxico: 01-Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

Obxectivo Operativo

Obxectivo Operativo: 05 – Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia.

SUBVENCIÓN

Denominación:

Convenios de colaboración

Normativa:

O convenio de colaboración

Tipo de convocatoria

Concesión directa.

Beneficiarios

Corporacións locais e Institucións sen fins de Lucro.

Importe

Total

2026

2027

1.650.000

800.000

850.000

Resultados previstos

Indicadores de seguimento

2026

2027

P00076 Entidades beneficiadas

5

5

Financiamento

Financiamento

2026

2027

Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes

PCA – Orzamentos Xerais das Comunidades Autónomas

2022 00076 – Convenios Mellora de Infraestruturas e bens culturais.

800.000

850.000



.A SECRETARÍA XERAL DA LINGUA

SECRETARÍA XERAL DA LINGUA – Nº DE FICHA: 1				
A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e, ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.				
PROGRAMA DE GASTO				
Programa	151A – FOMENTO DA LINGUA GALEGA			
Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo				
PEG 2022-2030				
Eixe	E4 - Eixe 4 Cohesión social e territorial			
Prioridade de Actuación	PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía			
Obxectivo Estratéxico	E04 -Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego.			
Obxectivo Operativo	OO02 Accións de fomento do uso da lingua galega na sociedade, apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística			
SUBVENCIÓN				
Denominación:	Subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.			
Normativa:	Orde de convocatoria que establece as bases que rexen a subvención.			
Tipo de convocatoria	Concurrenencia competitiva			
Beneficiarios	Entidades locais			
Importe	Total		2026	2027
	700.000,00		350.000,00	350.000,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	P00450. Axudas concedidas para o fomento da lingua galega.		78	78
	Entidades beneficiarias			
Financiamento	Financiamento		2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes			
	PCA – Orzamentos Xerais das Comunidades Autónomas	2015 00330- Transferencias correntes a corporacións locais	350.000,00	350.000,00



SECRETARÍA XERAL DA LINGUA – Nº DE FICHA: 2

A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e, ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

PROGRAMA DE GASTO

Programa **151A**

Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo

PEG 2022-2030

Eixe **E4 - Eixe 4 Cohesión social e territorial**

Prioridade de Actuación **PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía**

Obxectivo Estratéxico **E04 -Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego.**

Obxectivo Operativo **OO05 Asegurar unha competencia elevada na lingua galega oral e escrita entre a xuventude**

SUBVENCIÓN

Denominación: **ORDE do XX de marzo 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PL400B)**

Normativa: **Orde de convocatoria que establece as bases que rexen a subvención**

Tipo de convocatoria **Concurrencia competitiva**

Beneficiarios **Empresas mercantís do sector editorial, persoas físicas ou xurídicas**

Importe	Total		2026	2027
	600.000,00		300.000,00	300.000,00
Resultados previstos	Indicadores de seguimento		2026	2027
	P00450. Axudas concedidas para o fomento da lingua galega (Proxectos subvencionados)		40	40
Financiamento	Financiamento		2026	2027
	Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes			
	PCA – Orzamentos Xerais das Comunidades Autónomas	2015 - 00322 – A empresas editoriais para proxectos en lingua galega	300.000,00	300.000,00



SECRETARÍA XERAL DA LINGUA – Nº DE FICHA: 3

A Secretaría Xeral da Lingua é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e, ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

PROGRAMA DE GASTO

Programa	151A – FOMENTO DA LINGUA GALEGA
Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo	

PEG 2022-2030

Eixe	E4 - Eixe 4 Cohesión social e territorial
Prioridade de Actuación	PA03 Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía
Obxectivo Estratéxico	E04 -Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego.
Obxectivo Operativo	OO03 Estudos e investigación en materia lingüística

SUBVENCIÓN

Denominación:	Bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Normativa:	Base legal que regula a concesión da subvención
Tipo de convocatoria	Concurrencia competitiva
